

# MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES (2018)



Desde o ano 2008, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, e anteriormente a Delegación de Galicia do COB, presenta a correspondente Memoria Anual ante a Xunta Xeral de colexiados.

Inclúense os apartados informativos derivados da *Ley 25/2009, de 22 de diciembre, de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio (Ley Ómnibus)* e poñerase a información pública na páxina web do Colexio.

## Índice:

1. Actividades de defensa da profesión
2. Alegacións presentadas
3. Comisións sectoriais
4. Actividades de formación e xornadas técnicas.
5. Bolsa de Emprego.
6. Servizo de información.
7. Outros servizos colexiais.
8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios.
9. Participacións do COBGA.
10. Varios.
11. Reunións do COBGA.
12. Percepcións membros Xunta de Goberno.
13. Informe anual de xestión económica.
14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo.
15. Información sobre procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución.
16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores.
17. Cambios no contido dos códigos deontolóxicos.
18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito.
19. Estatísticas colexiacións.
20. Información estatística sobre a actividade de visado.
21. Información estatística sobre a actividade de rexistro de traballos profesionais.

## 1. Actividades de defensa da profesión

*As accións de defensa da profesión xa foron informadas de forma pormenorizada na páxina web do Colexio e nos boletíns informativos periódicos e estiveron suscitadas por:*

**1.1. Técnico Superior de Apoio da Investigación USC-2 (10 de xaneiro).** O recurso de reposición presentado foi aceptado a trámite e estimado, conforme á nosa solicitude: "Esta Reitoría resolve (...) anular o referido anexo I da convocatoria 17/2017 de contratación de persoal, debendo novamente ser convocada coa titulación de graduado universitario ou anteriores titulacións equivalentes...

**1.2. CETMAR-2 (17 de xaneiro).** Recibimos a resposta da Directora Xerente ao noso escrito do 28 de decembro (Proxecto COCKLES, Proxecto MARRISK) no sentido de que *"as titulacións indicadas garanten a comprensión e o desenvolvemento dos traballos aos que CETMAR se ten comprometido e que, neste contexto específico, poden ademais complementar as capacidades dispoñibles do equipo de traballo no que a persoa a contratar vaise integrar. (...) en ningún caso foi rexeitada nin substituída a titulación de biólogo"*.

**1.3. Biólogos da Consellería do Mar (9 de febreiro).** O COBGA manifesta o seu apoio ás reivindicacións presentadas en relación coa proposta da RPT da Consellería do Mar sobre a reclasificación de postos reservados a persoal da escala de ciencias, especialidade bioloxía, na que se amosa unicamente unha subida de nivel para os postos de nivel 20 a 22, cando o que se ven solicitando dende fai anos é que todos os técnicos biólogos sexan de nivel 24.

**1.4. Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR) (15 de febreiro).** A Resolución de 30/1/2018 pola que se convoca proceso selectivo para a contratación dun/unha titulado/a Superior, proxecto "MADeTox", indica que a titulación que han de posuír os candidatos é unicamente a de Química. Preséntase recurso de alzada ou subsidiario de reposición fronte ao Sr. Director do INTECMAR.

**1.5. Concello de A Coruña (20 de febreiro).** A convocatoria de proceso selectivo para cobertura de dúas prazas de técnico de residuos reduce a titulación requirida á de enxeñeiro químico, industrial ou de camiños e portos. Preséntase recurso de alzada ou subsidiario de reposición fronte ao Sr. Alcalde do Concello de A Coruña.

**1.6. Contratos predoutorais Ourense (21 de febreiro).** O Grupo de Investigación BV1 (Planta, solo e valorización de subproductos) da Facultade de Ciencias de Ourense (Universidade de Vigo) ofertou 3 contratos predoutorais nos que non se incluía a titulación de Bioloxía entre as candidatas. Solicitamos dos investigadores explicación sobre esta cuestión. Responden "moitas grazas por facernos chegar a súa preocupación polas inexactitudes da convocatoria en canto ao perfil dos titulados/as que poderían presentarse aos contratos. Tendo en conta a súa mensaxe, procederei en breve a enviar novamente a convocatoria coas pertinentes modificacións". No texto definitivo engádesse "outras titulacións afíns do ámbito científico".

**1.7. ENCE (8 de marzo).** O ano 2017 dirixímonos á empresa en relación á convocatoria de bolsas Programa Talento 2017, amosando a nosa sorpresa pola ausencia da nosa titulación entre as destinatarias e expresando o noso desexo de que fora incluída na seguinte edición. A empresa contestou que o tería en conta para o exercicio de 2018 e así o fixo: inclúese a titulación de Bioloxía entre as candidatas para as bolsas.

**1.8. Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR)-2 (9 de marzo).** Recibimos a desestimación do noso recurso de reposición. "... nas bases da convocatoria non está prevista como titulación esixida a licenciatura de Bioloxía, xa que a categoría 3 está prevista so para a titulación en Ciencias Químicas".

**1.9. AIMEN Centro Tecnolóxico (15 de marzo).** A oferta para Técnico Senior Medio Ambiente (Ref. 0302/18) non inclúe a titulación de Bioloxía. Como en ocasión anterior, dirixímonos ao Departamento de Recursos Humanos xa que entre as funcións da profesión atópanse varias das que se indican en dita oferta, solicitándolle que a extenda aos biólogos.

**1.10. Especialidade Xenética Clínica (10 de abril).** A indicación do Consejo General de COBs, remítense escritos ao Conselleiro de Sanidade e a Ministra de Sanidade, solicitándolles que na vindeira reunión do Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud, defendan a incorporación dos biólogos no ámbito formativo en Consello Xenético da futura especialidade de Xenética Clínica, fundamentada na nosa competencia profesional nesa materia.

**1.11. Concello da Coruña (24 de abril).** O noso recurso de alzada sobre a cobertura de dúas prazas de técnico de residuos foi estimado pola Concelleira delegada de Facenda e en consecuencia se modifica o apartado a) da base terceira incluíndo a titulación de bioloxía (entre outras).

**1.12. Concello de Ourense (30 de maio).** A convocatoria para a selección dun técnico para o programa "GeoAtlantic" (fomento da eficiencia dos recursos) non contempla os biólogos entre as titulacións participantes. Enviase escrito ao Sr. Alcalde lembrando as funcións estatutarias da profesión e solicitando a inclusión da nosa titulación.

**1.13. SEAGA (01 de xuño).** Despois das nosas reiteradas solicitudes para a inclusión da titulación de bioloxía nas listas que convoca a empresa pública, no DOG dese día publícase por primeira vez a apertura de listas para biólogos/as.

**1.14. Recurso de Reposición contra a convocatoria do Instituto Nacional de Seguridad, Salud y Bienestar en el Trabajo,** pola que se convocan bolsas de investigación, desenvolvemento e innovación para titulados superiores universitarios, materias e técnicas propias da prevención de riscos laborais, presentado polo CGCOB a petición do COBGA (13 de xuño).

**1.15. Axudas para asesoramento a titulares de explotacións agrícolas ou gandeiras cofinanciadas polo Feader (19 de xuño).** Enviase escrito á Sra. Directora Xeral de Gandería de aclaración de se os biólogos están incluídos entre os medios persoais para a formación.

**1.16. Concello de Laza (25 de xuño).** As bases do concurso-oposición para seleccionar e contratar temporalmente un técnico medioambiental, publicadas no BOP de Ourense nº 142, exclúen a titulación de Bioloxía. Preséntase recurso potestativo de reposición. O concello de Laza estimou o noso recurso.

**1.17. Instituto de Estudos do Territorio (03 de setembro).** Enviouse Recurso de Reposición en relación a Resolución do 13 de agosto de 2018, pola que se aprobou o expediente de contratación do servizo de Redacción de dous estudos e propostas de mellora e integración paisaxística, pola non inclusión dos/as biólogos/as entre os profesionais redactores.

**1.18. Deputación Provincial da Coruña (19 de setembro).** Enviouse escrito en relación á convocatoria de subvencións a concellos para a contratación de persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación. Solicitamos se inclúa a titulación de bioloxía entre os posibles técnicos a contratar cando os centros sexan de índole ambiental, mariña...

**1.19. Axencia Turismo de Galicia (19 de setembro).** Enviouse escrito en relación á convocatoria de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo, solicitando se inclúa a titulación de bioloxía entre os posibles técnicos a contratar nos municipios sitios en Red Natura 2000.

**1.20. O CGCOB a instancia nosa presentou recurso (26 de outubro)** contra a resolución da Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios, por la que se convocan becas de formación da Agencia pola non inclusión da titulación de bioloxía entre os/as destinatarios/as. O Ministerio correxiu a convocatoria incluíndo a nosa titulación. (30 de novembro).

**1.21. Obradoiros de Emprego (31 de outubro).** Enviaronse escritos á Consellería de Economía, Emprego e Industria e aos respectivos concellos en relación ás convocatorias de obradoiros de emprego da provincia de Ourense, nos concellos de: Ourense, Viana do Bolo, Xinzo de Limia, O Carballiño, Sarreaus e a Mancomunidade do Ribeiro, nas que para a praza de director e docentes de varios módulos non se incluía a titulación de bioloxía.

**1.22. Centro Tecnológico del Mar - Fundación Cetmar (28 de decembro).** A convocatoria e bases específicas para a selección dunha praza de persoal para o proxecto EMODNET (Operation, Development and Maintenance of a European Marine Observation and Data Network) ignora aos licenciados e graduados en Bioloxía. Enviamos escrito á Sra. Directora solicitando a inclusión da nosa profesión como candidatos ao posto.

## 2. Alegacións presentadas

**2.1. Protección do acivro (*Ilex aquifolium* L.) (12/02/18).** O Decreto 11/2018, do 18 de xaneiro que regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental inclúe unha disposición pola que se derroga a Orde do 10 de decembro de 1984, sobre protección do acivro no territorio de Galicia. Envíase escrito á Conselleira de Medio Ambiente interesando os informes, estudos ou razóns que a levaron a publicar dita disposición derogatoria.

**2.2. Plan reitor de uso e xestión dos parques naturais Enciña da Lastra, O Invernadeiro e Corrubedo. (18/10/18).** A Dirección Xeral de Patrimonio Natural someteu a información pública (DOG do 26/IX/18) os proxectos de decreto polos que se aproban ditos PRUX. Envíanse alegacións, fundamentalmente referidas aos aspectos edafolóxicos dos plans. En xeral, "boa parte do contido dos tres PRUXs carece dun rigor e profundidade de análise mínimo esixible a un documento dun área tan concreta, específica, e espacialmente limitada como é un Parque Natural."

### 3. Comisi3ns sectoriais

As Comisi3ns sectoriais son instrumentos de participaci3n colexial para asesorar, ser foro de debate, colaboraci3n, apoio 3 formaci3n, etc.

#### 3.1. Comisi3n de Medio Ambiente.

- **Acivro.** O 24 de abril tivo lugar unha reuni3n preparatoria de varios membros da Comisi3n de Medio Ambiente para elaborar un documento de alegaci3ns sobre a protecci3n do acivro en Galicia.

### 4. Actividades de formaci3n e xornadas t3cnicas

Unha das funci3ns do COBGA especificadas nos seus Estatutos 3 a de organizar cursos para procurar a formaci3n permanente e calquera outro tipo de actividades para o desenvolvemento profesional dos bi3logos.

**4.1. Curso de Problemas de Xen3tica, Bioqu3mica e Ecolox3a.** 17-30/Abril, Santiago. Participaron 23 alumnos.



## 5. Bolsa de Empleo

Enviáronse 30 ofertas específicas fundamentalmente relacionadas cos sectores alimentario e ambiental. A meirande parte das recibidas inclúense nos NOVAS (cunha media de 10 en cada edición), xa que os ofertantes prefiren a máxima difusión delas.

## 6. Servizo de información

### 6.1. NOVAS COBGA.

En 2018 o boletín informativo mensual (NOVAS COBGA) mantivo as súas 12 edicións que foron colocándose puntualmente cada mes na nosa web de maneira reservada aos colexiados (e enviadas vía e-mail tamén) e cunha media de 35 páxinas. Contén as seccións habituais: A Xunta de Goberno informa; Empleo; Bolsas, Axudas e Subvencións; Premios; Actividades de formación; Congresos, Simposios, Reunións, Xornadas...; Recursos na Rede; Varios; Ofertas a colexiadas/os; Lexislación.

### 6.2. NOVAS Semanais

Os venres envíase esta folla informativa coas novidades da semana en curso, cunha media de 10 páxinas. 40 edicións. Ademais, os mércores envíase un avance chamado PRENOVAS.

### 6.3. Páxina web.

Visitas en 2018: 45.010 ; Directorio: 3.719; NOVAS COBGA e NOVAS Semanal: 7.001.

### 6.4. Redes Sociais.

- Facebook:

Publicacións:437; "Me Gusta" na Páxina:1.839; Alcance:351.967

- Twitter:

Tuits: ; Impresións de Tweets:163.618; Novos seguidores:327.

- LinkedIn:

Contactos:2.179.

## 7. Outros servizos colexiais

En 2018 os colexiados beneficiáronse de descontos negociados con provedores de:

### 7.1. bens e servizos:

Adelas Segurcaixa, Viajes Viloria, ASISA (seguro sanitario), Principia (ciencia ilustrada), Centro de Iniciativas Empresariais MANS, Bodega La Perdida, NatureandPhoto (Julio Eiroa) (fotografía e material óptico), AEGON Seguros, Gran Hotel Los Abetos, Viajes Zonda-Club de Amigos Z, Fuco Reyes (fotógrafo), Talaso Hotel Louxo La Toja, Fílmate (fotografía, video e música), Clínica Baltar, Unión Madrileña de Seguros, Óptica Hermo, OCA Hotels, Manzaneda's Peak, Cestola na Cachola (artesanía), ASPY Prevención, Mimadriña (artesanía), Lara Harrán Clínica Dental, Eurostars Hotels, Eloymar Tranvías, Ciberviaxes, Hotel Vía Argentum, Pousadas de Compostela, Mercatinta, Hoteles Culturales Temáticos, Victoria Terán-Generali Seguros, Prodasva Consultoría y Gestión (protección de datos), Hotel Real, eHabilis (gestión de cursos on line), Solid Forest (cálculo huella de Carbono), San Francisco Hotel Monumento, Tus Casas Rurales, Editoral Hélice, Viajes Viloria, A Cesta da Saúde, Coaga Correduría de Seguros, O Boi do Baladoiro, Musgo Aventura, Meraknautica

### 7.2. actividades de formación (matrícula):

Wornham School of English, UNED-Centro Universitario de Idiomas Digital y a Distancia (CUID), Formación 3.0, European Business Factory, AMBICAL, Centro Analítico Míguez & Muiños, IMASGAL, IBEROREST, Aula Genyca, RECURSOS Galicia, Simbiosis, TerraFirme, Inbiogal, Escuelas Infantiles PSN Bicos, Laber Formación, Áreas de Formación Estratégica, SRL, Art With Future e Fran Lorenzo, OELS Official English Language School, IDEA Educación Integral, Campus Stellae, Instituto Madrileño de Formación, Transmitting Science, La Academia, AIDICS Apoyo Integral al Desarrollo de la Investigación en Ciencias de la Salud, Sanea Formación, Centro Estudio (preparación oposiciones biólogos Xunta), Centro de Estudios Colegiales Colegio de Médicos de Barcelona, Escuela Infantil Plurilingüe Agasalle,

### 7.3. Ferrer & Asociados (Póliza seguro responsabilidade civil).

## 8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios

- **XIII Olimpíada de Bioloxía (Fase Galega Autonómica)**. 12 de xaneiro de 2018 na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo. [[nota de prensa 1](#)] [[nota de prensa 2](#)] [[TVG](#)] [[Prensa](#)] [[Radio](#)]
- **Presentación do proxecto "Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños"** [11/01/18] [[Ver nova](#)]
- **Desprotección do acivro** (Ilex aquifolium, L.) [12/02/18] [[nota de prensa](#)]
- **Día Mundial da Auga. 22 de marzo**. [22/03/18] [[nota de prensa](#)]
- **XIII Olimpíada Española de Biología**. [15/04/18] [[nota de prensa](#)]
- **Día do Biólogo 2018**. [[nota de prensa](#)] [[nota de prensa 2](#)] [[dossier de prensa](#)]
- **Día Mundial do Medio Ambiente 2018**. [05/06/18] [[nota de prensa](#)]
- **XII Olimpíada Iberoamericana de Bioloxía** (OIAB 2018). [17/09/18] [[nota de prensa](#)]
- **XIV Olimpíada Galega de Bioloxía - Fase Galega**. [17/10/18] [[nota de prensa](#)]
- **Xornada informativa "Boas Prácticas e o Sistema de alerta temperá para a detección de lixo mariño"**. [22/06/18] [[nota de prensa](#)] [[nota de prensa 2](#)]
- **Xornada de limpeza de lixos na costa e fondos mariños do archipiélago de Sálvora**. [20/10/18] [[nota de prensa](#)] [[nota de prensa 2](#)]
- **Resultados do proxecto "Red para a recuperación dos ecosistemas mariños no PNTIAG"**. [30/11/18] [[nota de prensa](#)] [[nota de prensa 2](#)]
- **Xornada informativa "Sentido común no mar: o plástico un crebacabezas"**. [30/11/18] [[nota de prensa](#)]

## 9. Participacións do COBGA

O Colexio estivo presente en diversos actos académicos e doutros tipos.

### 9.1. Xornadas formativas sobre as actividades profesionais dos biólogos

- 19 de febreiro. Tivo lugar na Facultade de Bioloxía da UVigo. Asistiu o Decano, Pelayo Míguez.
- 20 de abril. Celebrouse na Facultade de Ciencias da UDC. Asistiu o vogal Andrés Pilas.
- Día de Galicia. O Decano asistiu aos actos conmemorativos celebrados na Cidade da Cultura de Santiago o día 24 de xullo.
- O 23 de novembro o Decano asistiu en Vigo ao Almorzo informativo do "FÓRUM EUROPA. Tribuna Galicia" co Conselleiro D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia da Xunta de Galicia.
- O 17 de decembro o Decano asistiu á reunión do Comité Consultivo da Facultade de Bioloxía da USC.
- Premios Prismas. O vogal Sr. Pilas asistiu á entrega destes premios o 17 de novembro na Domus de A Coruña.

### 9.2. Actos de licenciatura e graduación

O Decano D. Pelayo Míguez asistiu ao Acto de Graduación dos alumnos da Facultade de Bioloxía da USC, promoción 2014-2018 o 15 de xuño en Santiago.

O 22 de xuño celebrouse en Vigo o Acto de Graduación da promoción correspondente, ao que asistiu o Decano.

O 22 de xuño tivo lugar o Acto de Graduación da promoción da UDC na Coruña, coa participación do Vogal, Andrés Pilas.

## 10. Varios

### 10.1. Día do Biólogo

O mércores día 16 de maio celebramos o Día do Biólogo no Pazo de Adrán. Foi de novo unha reunión para reencontrarnos, coñecernos, compartir impresións e experiencias dentro e fóra da profesión. Ademais, foi o momento para agasallar aos colexiados que levan 25 anos ou máis no Colexio. Esta vez acudiron nove deles. No seu nome pronunciou unhas palabras D. José A. Fernández Bouzas, vicedecano. O acto incluíu os nomeamentos de Biólogo, Empresa, Institución do Ano e Membro de Honra.

- Bióloga do Ano: D<sup>a</sup> María Alicia Carolina Estévez Toranzo

- Empresa/Institución do ano:

Na modalidade de gran empresa: Estrella Galicia.

Na modalidade de Media/pequena institución: Fundación Paideia-Galiza

- Membro de Honra: D. Emiliano Aguirre Enríquez, polo seu relevante labor de investigación en Paleontoloxía e Evolución Humana especialmente en Atapuerca e das Gándaras de Budiño.

Asistiron tamén os decanos das facultades de Bioloxía de Santiago e Vigo e o presidente da Unión Profesional de Galicia.

### 10.2. Fase Autonómica Galega da Olimpíada de Bioloxía.

O 12 de xaneiro celebrouse na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo a proba correspondente e nela participaron 105 estudantes de 31 centros de secundaria de Galicia. Resultaron gañadores:

- Denis Arribas Blanco, do IES do Castro, de Vigo

- Javier Pérez Martínez, do IES Otero Pedrayo, de Ourense

- Pedro Vieites Pérez, do IES Plurilingüe Rosalía de Castro, de Santiago

que representaron á nosa comunidade na Fase Nacional, celebrada en Badajoz no mes de abril.

### 10.3. Rede recuperación ecosistemas mariños no PNMT

O proxecto titulado Red para la recuperación de los ecosistemas marinos en el PNMT Illas Atlánticas de Galicia desenvolveuse no arquipélago de Sálvora ao longo de 2018 entre o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) como beneficiario e o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG) en condición de socio, contando coa colaboración da Fundación Biodiversidad, do Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente (Transición Ecolóxica despois) a través do Programa pleamar, cofinanciado polo FEMP.

O obxectivo principal foi recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños do parque desde a sustentabilidade e contou coa participación do sector pesqueiro, tecido asociativo e investigador na formulación de propostas e accións cara a solucionar o problema dos lixos mariños no noso territorio.

Participaron 26 entidades colaboradoras: 3 centros de investigación, 3 universidades, 5 entidades do sector pesqueiro, 3 ONG's, 1 entidade do terceiro sector, 6 entidades deportivas, 2 centros educativos e 4 administracións.

Actividades realizadas: 10 reunións de traballo con 88 participantes, 11 xornadas/sesión formativas con 389 participantes, 2 Proxectos nos que se colabora, 4 Documentos elaborados.

Realizáronse 5 limpeza de praias, costas e fondos con 227 voluntarios e recolléronse 462,5 kg de residuos, maioritariamente plásticos.

**10.4. Recordatorio obriga colexiación (27 de abril).** Envíase aos directores de hospitais de Galicia escrito lembrando a normativa vixente en materia de colexiación pregándolles que insten o cumprimento destas normas a cantos profesionais biólogos exercen a súa profesión nas súas institucións.

## 11. Reunións do COBGA

O COBGA celebra as súas reunións propias e participa nas dos organismos dos que forma parte.

**11.1. A Xunta de Goberno** celebrou 4 reunións en 2018: a ordinaria foi o día XX de abril. As sesións extraordinarias, o día 23 de febreiro, 17 de abril e 29 de novembro. A **Xunta Xeral** ordinaria de colexiados celebrouse o día 27 de abril.

### **11.2. Asistencia a reunións da Unión Profesional de Galicia.**

- Asamblea General Ordinaria. Celebrada o 26 de abril. Asiste o Decano.
- Sinatura do Convenio coa Xunta para a Prevención do Acoso no Entorno Laboral o 26 de xuño. Asiste o Decano.
- Asamblea General. Celebrada o 28 de decembro. Asiste o Decano.

## 12. Percepcións membros Xunta de Goberno

Os membros da Xunta de Goberno do COBGA non perciben ningunha remuneración en concepto de soldo nin de honorarios por asistencia ás reunións da Xunta de Goberno, da Xunta Xeral nin de ningún outro tipo. Só teñen dereito a recuperar o diñeiro que adiantan nos seus desplazamentos ás reunións colexiais como kilometraje, dietas ou aloxamento.

- José Pelayo Míguez Baños. Decano. Reunión Conferencia Decanos Biología, reuniones Consejo General de COBs. 730,30 €
- Pedro Pablo Gallego Veigas. Vogal. Reunión Secretaría General Universidades. 65,60 €
- Mercedes Casal Jiménez (Vogal). Reunión Junta de Gobierno abril. 83,75 €



## 13. Informe anual de xestión económica

### GASTOS

| CONCEPTO  | IMPORTE (€) |
|---|-------------|
| Comunidade + Participación gastos xerais Comunidade + IBI garaxe  | 519,74      |
| Asesoría xurídica + Notario + Registrador Mercantil   | 3.031,25    |
| Primas de seguro (Local, persoal, cursos e Pleamar)   | 1.024,26    |
| Servizos bancarios (Banca-e, emisións recibos, gastos devolucións, tarxeta)   | 1.748,88    |
| Intereses préstamo 000452 ABANCA  | 8.507,54    |
| Dotación amortización anual (local, mobiliario, equipos informáticos)   | 8.904,83    |
| Mantemento web  | 2.233,18    |
| Comunicacions: teléfono   | 937,93      |
| Auga e recollida lixo   | 246,80      |
| Electricidade (incluída calefacción)  | 1.564,75    |
| Sistema de seguridade   | 722,64      |
| Limpeza local, reparacions-conservación, extintores   | 1.257,94    |
| Material de oficina   | 240,62      |
| Fotocopias multifunción   | 399,21      |
| Servicios protección de datos   | 363,00      |
| Franqueo correspondencia, renovación Apartado de Correos e mensaxería   | 364,41      |
| Cuota Unión Profesional de Galicia  | 300,00      |
| Obsequios e gastos representación (Día do Biólogo, pins colexiados 25 anos, pins bioloxía, placas, participantes xornadas informativas) | 1.103,45    |
| Transferencias a Consejo Gral. COBs   | 8.262,28    |
| Gastos reunións CGCOB   | 3.312,04    |
| Tributos: IBI local 2018  | 1.141,24    |
| Saldos e Salarios   | 58.075,17   |
| Seguridade Social empresa   | 18.309,93   |
| Asesoría contable, fiscal e contable  | 2.723,71    |
| Gastos actividades de formación   | 2.400,00    |
| Plataforma teleformación eHabilis, teleconferencia  | 726,00      |
| Gastos intereses póliza crédito Abanca  | 611,73      |

| CONCEPTO                               | IMPORTE (€)       |
|--|-------------------|
| Gastos avales Fundación Biodiversidad  | 432,04            |
| Asistencias externas Programa Pleamar  | 23.391,21         |
| Material funxible Programa Pleamar     | 3.754,75          |
| Gastos desprazamentos Programa Pleamar | 6.305,55          |
| Imposto de Sociedades                  | 145,94            |
| <b>TOTAL</b>                           | <b>163.062,02</b> |

| TRABAJADOR             | TOTAL DEVENGADO  | SEG.SOCIAL EMPRESA | TOTAL COSTE      |
|------------------------|------------------|--------------------|------------------|
| Oficial Administrativo | 23.681,53        | 7.459,06           | 31.140,59        |
| Xerente                | 34.393,64        | 10.850,88          | 45.244,52        |
| <b>TOTAL</b>           | <b>58.075,17</b> | <b>18.309,94</b>   | <b>76.385,11</b> |

### INGRESOS

| CONCEPTO                           | IMPORTE (€) |
|------------------------------------|-------------|
| Emisións recibos 1º e 2º semestres | 120.831,06  |

| CONCEPTO   | IMPORTE (€)       |
|--|-------------------|
| Visados  | 0,00              |
| Rexistro traballos profesionais                  | 0,00              |
| Compulsas  | 1,80              |
| Certificados oficiais                            | 0,00              |
| Inscripcións Día do Biólogo                      | 250,00            |
| Cotas inscrición actividades de formación        | 3.830,00          |
| Alquiler plaza de garaxe nº 62                   | 446,28            |
| Ingresos por Servicios al personal               | 50,64             |
| Reintegro Gastos CGCOB                           | 2.069,38          |
| Otros ingresos: indemnizacións, publicidade, etc | 137,49            |
| Subvencións capital transferidas al ejercicio    | 119,94            |
| Subvencións Pleamar                              | 14.485,22         |
| <b>TOTAL</b>                                     | <b>142.221,81</b> |

|                                       |            |
|---------------------------------------|------------|
| Resultado: Diferencia Ingresos-Gastos | -20.840,21 |
|---------------------------------------|------------|

|  |          |
|--|----------|
| Diferencia Amortización Préstamo Local | 7.749,59 |
|--|----------|

|  |            |
|--|------------|
| Resultado Final (Resultado-Amortización Local) | -13.090,62 |
|--|------------|

## 14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo:

| CONCEPTO  | IMPORTE (€)                     |
|---|---------------------------------|
| - Cota inscrición licenciados antes de 1 ano            | 15,00                           |
| - Cota inscrición licenciados despois de 1 ano          | 35,00                           |
| - Cota semestral colexiación normal                     | 51,50                           |
| - Cota semestral colexiación reducida                   | 30,00                           |
| - Compulsas colexiados                                  | 0,15                            |
| - Visado colexial                                       | Segundo o Regulamento de Visado |
| - Inscrición Rexistro traballos profesionais            | 0,1B (252,73 €) + IVE           |
| - Impresos certificados oficiais (xogo de 3 exemplares) | 6,31                            |

## **15. Información sobre procedimientos informativos e sancionadores en fase de instrucción.**

- Ao longo do ano 2018 non se produciron procedementos informativos ou sancionadores.

## **16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores e usuarios ou as súas organizacións representativas.**

- Ao longo de 2018 non se produciu ningunha queixa ou reclamación de dita especie.

## **17. Cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos.**

- O Consejo General de Colegios de Biólogos ten creado unha comisión par ao desenvolvemento do Código Deontolóxico para o cal o COBGA nombrou un representante.

## **18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito de intereses en que se atopan os membros da Xunta de Goberno.**

- Ao longo de 2018 non se produciron incompatibilidades ou conflitos de intereses entre os membros da Xunta de Goberno. Está previsto iniciar a redacción de ditas normas.

## **19. Estatísticas colexiacións.**

- En 2018 producíronse 35 altas (7 tipo B, 26 tipo C, 2 traslados) e 49 baixas (42 voluntarias e 7 por morosidade). O activo a 31/12/2018 é de 1.240 colexiados/as.

## **20. Información estatística sobre a actividade de visado.**

- En 2018 non foi sometida ao trámite de visado colexial ningunha memoria de traballo profesional.

## **21. Información estadística sobre a actividade de rexistro de traballos profesionais.**

- En 2018 inscribíronse 2 memorias neste rexistro sobre Servicios DDD Sostenibles e Manual APPCC.